

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 2018

O Presidente de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o **venres 30 de Novembro de 2018** en **Santiago de Compostela**, na **Cidade da Cultura** (Monte Gaiás. **Biblioteca e Arquivo de Galicia. Sala 1**). Sendo a primeira convocatoria ás 16:00 h. e a segunda ás **16:30 h.**

Orde do Día:

1. Identificación de proposta de actividades a desenvolver por Espazocoop, no 2019.

Traballo por grupos para identificar propostas para o plan operativo de 2019:

- que actuacións e actividades demandamos para atender as necesidades das cooperativas,
- que tipo de programas e intervencións nos gustaría que desenvolvese Espazocoop,
- identificación de demandas políticas a nivel lexislativo (xurídico, fiscal, laboral...), representativo, sectorial,...

2. Incorporación de conselleiras/os ao Consello Reitor

Proposta de ampliación do Consello Reitor, ata completar o total de sete membros establecido nos estatutos

3. Gastos de representación do Consello Reitor

4. Elección das persoas que asinarán a acta.

Xunto co presidente e secretario da asemblea.

5. Rogos e preguntas.

Hora prevista de remate: 19:00h

Santiago de Compostela, a 19 de novembro de 2018.



Asdo Celso Gándara Carnero
Presidente de Espazocoop

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social.

O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

O LUGAR DE CELEBRACIÓN

A **Cidade da Cultura** atópase no Monte Gaiás en Santiago de Compostela. A Asemblea celebrarase na **sala 1** do **edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia**. (a mesma sala na que se realizou a asemblea do ano pasado, diante da escultura dos libros).

